

PROXECTO DE RECUPERACIÓN DO HÁBITAT A PORQUEIRA EN SAN MIGUEL

O hábitat mariño e costeiro da zona de “A Porqueira-San Miguel” é unha zona que se atopa incluída no plan de xestión de marisqueo a flote, pertencente ao banco natural de Tragove-Rego do Alcalde (AR-216) , e sobre o que a Confraría de Pescadores San Antonio de Cambados leva desenvolvendo medidas que melloran a protección, conservación e sustentabilidade dos recursos.

Neste senso, a Confraría realizou actividades de recollida de lixo e descompactación do substrato e dende o ano 2018 e para garantir a viabilidade económica, social e ambiental do sector marisqueiro, realizou un proxecto de recuperación dunha área mariña que se atopaba dentro deste mesmo banco natural (AR-216), que supuxo o aporte de material de dragado de características granulométricas óptimas para a fixación de bivalvos e outros organismos bentónicos, sobre un substrato degradado e anóxico, co gallo de recuperar ecosistema.

O proxecto para a recuperación do hábitat de “A Porqueira-San Miguel” , ten como obxectivo principal a restauración da biodiversidade e mellora dunha área de gran importancia para a reprodución de organismos mariños. Por outra parte o proxecto contribuirá á mellora dos servizos ecosistémicos no sentido de que a consecución final do obxectivo do proxecto influiría positivamente nos vecinos de Cambados, na medida de que os mariscadores de a flote da Confraría poderían desenvolver a súa actividade marisqueira nunha zona que neste momentos atópase nun estado mellorable dende o punto de vista medioambiental.

O proxecto establece o aporte de 10.000 m³ de material de dragado caracterizado como apto para a rexeneración, que se distribuiría sobre unha superficie de 20.000 m² na zona de A Porqueira.

A duración das actuacións do proxecto terá carácter bianual.

O primeiro ano procederase a un aporte de sedimentos de 5.000 m³ de volumen, sobre unha superficie de 10.000 m², que suporá una rexeneración de substrato e descenso de cota de 0,5 metros. O segundo ano realizarase unha actuación igual que complemente a primeira actuación, co aporte de 5.000 m³ de sedimento sobre unha superficie de 10.000 m²

O orzamento total do proxecto acada os 96.000 € cofinanciados a un 75% polo FEMP (Fondo Europeo Marítimo e da Pesca) da UNIÓN EUROPEA e un 25% da Consellería do Mar da Xunta de Galicia.